

X. L. Regueira (2009): “Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo”, *Estudos de lingüística galega* 1, 147-167.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo

Xosé Luís Regueira

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 15/10/2008. Aceptado o 15/12/2008

Phonetic and phonological change in present-day Galician

Resumo

No século XX o galego experimentou unha serie de cambios que afectan a diferentes partes da lingua. Non obstante, na lingüística galega o estudo destes cambios limítase en xeral ás interferencias do español, case sempre con intencións prescritivas. No momento actual cremos que é importante abordar o estudo da variación e do cambio lingüístico en galego desde unha perspectiva diferente, que permita describir e comprender mellor os feitos lingüísticos.

Neste traballo preséntanse as descrições dalgúns cambios fonéticos e fonolóxicos que, segundo os datos dispoñibles, se produciron e se están a producir no galego tradicional (transmitido de pais a fillos) nos últimos tempos. Entre eles están cambios que afectan ao vocalismo pretónico, a perda da lateral [ʎ], cambios na realización da gheada e do seseo, ou cambios na estrutura da sílaba. Algúns son cambios espontáneos, outros dirixidos desde as instancias promotoras do galego estándar, e outros poden estar motivados por interferencia do español.

Palabras chave

Lingua galega, cambio lingüístico, interferencia, fonética, fonoloxía

Sumario

1. Introducción. 2. Variación, cambio e interferencia. 3. Desenvolvemento do vocalismo pretónico. 3.1. O desenvolvemento de sete vogais pretónicas. 3.2. Abaixamento das vogais iniciais en sílaba aberta. 4. Deslateralización de [ʎ]. 5. A gheada e o seseo. 5.1. Gheada. 5.2. As sibilantes do "seseo". 6. A nova estrutura da sílaba. 7. Consideracións finais.

Abstract

During the twentieth century Galician underwent a number of changes involving various parts of the language. Within Galician linguistics, study of such changes has generally been restricted to the identification of Spanish interference, almost always for prescriptive purposes. Now could be a good time to re-examine the study of linguistic variation and change from a different perspective and produce a better description and understanding of the linguistic facts. This paper focuses on certain recent phonetic and phonological changes which available data suggest have occurred or are currently taking place in traditional Galician (i.e. as transmitted from parents to their children), including the development of pretonic vowels, loss of the lateral [ʎ], alterations in the realization of the dialectal phenomena known as *gheada* and *seseo*, and changes in syllable structure. Some of these changes are spontaneous and some are due to the influence of institutions promoting standard Galician, while others may result from Spanish interference.

Keywords

Galician language, linguistic change, interference, phonetics, phonology

Contents

1. Introduction. 2. Variation, change and interference. 3. Development of pretonic vowels. 3.1. The evolution of the seven pretonic vowel phonemes. 3.2. Lowering of initial vowels in open syllables. 4. Delateralization of [ʎ]. 5. *Gheada* and *seseo*. 5.1. *Gheada*. 5.2. The sibilants in *seseo*. 6. New syllable structure. 7. Last thoughts.

1. INTRODUCCIÓN

Os profundos cambios sociais experimentados en Galicia no último século, en que se pasou dunha sociedade agraria a outra industrial e postindustrial, afectaron á situación das linguas (galega e española) na sociedade. Factores coma a alfabetización xeneralizada, o papel dos medios de comunicación, a mobilidade xeográfica e social, a existencia dun poder político autónomo e dunha política cultural e lingüística propia, tiveron inevitablemente un forte impacto na comunidade galegofalante. Desta maneira, o relativo *equilibrio* lingüístico da sociedade tradicional viuse interrompido por unha situación de contacto crecente, tanto co español coma con outras variedades de galego, nomeadamente coa variedade estándar desenvolvida durante o último século e medio.

Estas transformacións están, seguramente, relacionadas con cambios lingüísticos, e de feito na lingüística galega existe unha clara conciencia de cambio. Así e todo, en xeral as referencias céntranse nas interferencias do español sobre o galego, en relación moitas veces coa configuración do estándar. Esta, sen dúbida, é unha cuestión importante, con transcendencia política e cultural, mais que se move fundamentalmente nun terreo en que prevalecen criterios e argumentos de carácter sociopolítico e histórico, alleos á lingüística propiamente dita.

Neste contexto, a reflexión sobre os cambios lingüísticos como tales é escasa. Sen dúbida o traballo máis importante neste aspecto é o de Johannes Kabatek (2000) e, dentro de Galicia, seguramente a reflexión máis demorada e completa é a que se encontra no discurso de ingreso de Rosario Álvarez na Academia Galega e na resposta de Antón Santamarina (Álvarez 2003, Santamarina 2003). Precisamente alí sinala Álvarez (2003: 23) que “[n]a actualidade tende a atribuírse esaxeradamente o cambio lingüístico de distintas épocas á intervención do español, sen ter en conta que na maior parte dos casos non hai que buscar causas esóxenas”. Non son raros, en cambio, os xiúzos realizados a partir de preconceptos, que non axudan a comprender, senón que escurecen, os feitos lingüísticos.

Con estas observacións non pretendo restarlle importancia ao papel do contacto co español no desenvolvemento do galego nas épocas máis recentes. No seu coñecido libro *The rise and fall of languages*, Dixon (1997: 15-27) lémbraunos que nunha área xeográfica continua (sen obstáculos que impidan ou dificulten a comunicación) na que se falen varias linguas prodúcese certo grao de multilingüismo e, como consecuencia vanse ir asemellando por difusión de trazos, incluso se se trata de linguas non emparentadas ou tipoloxicamente diferentes. Naturalmente as linguas máis prestixiosas son as que difunden os seus trazos sobre as outras, que tenden a converxer con elas. No caso de Galicia, cunha lingua dominante e prestixiada, apoiada (ata hai pouco de maneira exclusiva) polo aparello do Estado e as institucións sociais, que goza dunha presenza forte na vida social e coa que hoxe case a totalidade dos falantes está en contacto diario, os efectos non poden deixar de notarse. E de feito nunha parte da comunidade galegofalante a converxencia lingüística cos modelos de prestixio do español é notable (sobre todo na fonética e na fonoloxía).

Por outra parte, é preciso sinalar tamén que o proceso de estandarización supuxo cambios lingüísticos profundos e extensos que afectaron a todos os niveis da lingua. Mais estes cambios dirixidos e planificados son vistos polas elites que participan na planificación e na normalización do galego como unha fase necesaria no desenvolvemento da lingua, para adaptala ás novas necesidades comunicativas.

As páxinas que seguen están dedicadas a mostrar algúns cambios que se poden observar no galego contemporáneo no nivel fónico. Son cambios que parecen apuntar en diferentes direccións: uns poden estar relacionados co contacto co español, mais algúns outros por contra van en dirección diverxente (e mesmo poden converxer co portugués), e outros están directamente relacionados coa formación da lingua estándar culta. Estes cambios están a cambiar o aspecto da lingua dunha maneira importante e configuran unha situación complexa que require unha maior atención e estudo.

2. VARIACIÓN, CAMBIO E INTERFERENCIA

O cambio lingüístico é un fenómeno facilmente recoñecible e constatable e ao tempo, paradoxalmente, inaccesible nos seus mecanismos internos. Observados nunha perspectiva temporal ampla (p.e. do latín ás linguas romances modernas) revélanse regularidades sorprendentes, mentres que vistos no seu desenvolvemento nun arco temporal máis curto adoitan presentarse como unha mestura de variantes máis ben confusa. Por esa razón, son poucos os estudos que tratan o cambio lingüístico nunha perspectiva temporal breve, aínda que si hai unha cantidade apreciable de estudos sobre variación interna das linguas, en particular variación social, que vai asociada a dinámicas de cambio lingüístico. Por iso, como di Santamarina (2003: 43), “variación e cambio (mesmo na precisa terminoloxía da lingüística) son dous conceptos case sinónimos, aínda que un mire máis á orixe e o outro ó desenvolvemento dos fenómenos”.

A existencia de variación (que se considera un feito inherente ás linguas) supón que se producen numerosas *innovacións* (desviacións dos modelos existentes na lingua de que se trate). Mais “la innovación no es ‘cambio’”, como afirma Coseriu (1978: 79), aínda que pode ser a orixe dun cambio. Existirá *cambio* se unha innovación é aceptada e *adoptada* por parte doutros falantes (Coseriu 1978: 78-80). A cuestión crucial é, pois, como e por que algunhas innovacións se difunden (e por tanto se constitúen en cambios) e outras non.

No seu clásico e influínte *Language*, Edward Sapir (1921: 155) postula que os falantes seleccionan de maneira inconsciente as variacións individuais que van nunha determinada dirección, o que constitúe o *drift* (‘deriva’) dunha lingua. E esta idea de “selección inconsciente” segue a encontrarse en numerosos traballos sobre o cambio lingüístico, particularmente nos que seguen a teoría evolucionista (cfr. Croft 2000).

Mais xa Eugenio Coseriu sinalaba que a *adopción* dun cambio lingüístico é sempre unha selección deliberada, “por el carácter consciente (aunque ‘confuso’) del saber lingüístico” (1978: 86). Nesa adopción interveñen factores sociais: “Interviene aquí el criterio del ‘prestigio’ [...]; prestigio de un sujeto lingüístico frente a otros sujetos, o de una comunidad frente a otras comunidades. Siendo la lengua un ‘saber’, ella se aprende de quienes ‘hablan mejor’, de los que *saben* (o se supone que sepan), y no de los que no saben” (86-87).

Por outra parte, existen numerosas observacións que van en contra da idea de que os cambios lingüísticos son sempre inconscientes ou inintencionados. Por unha parte, en culturas tradicionais téñense constatado actitudes conscientes e deliberadas de fomento da diferenza lingüística con outros grupos (Nettle / Romaine 2000: 80-90; Romaine 1996: 27), como medio de marcar unha identidade diferenciada. Estas actitudes son ben coñecidas nas linguas literarias europeas, no pasado (coma a construción do portugués literario contra o español, cfr. Vázquez Corredoira 1998) e no presente (coma a acentuación dos elementos diferenciais entre o croata e o serbio trala guerra dos anos 90). Por outro lado, polo menos nas linguas que teñen unha variedade estándar, existe unha actividade de planificación lingüística consciente e dirixida (aínda que, como sinala Kabatek 2005: 158, a acción das institucións non ten unha acción directa sobre a lingua viva, senón que fan propostas de cambio lingüístico). No caso do galego, algúns cambios fonolóxicos (e moitos outros doutro tipo) foron e están a ser promovidos e difundidos de maneira dirixida desde as institucións e adoptados ou non de maneira consciente por moitos falantes (cfr. Kabatek 2000, 2005).

Desde o punto de vista do sistema lingüístico, os cambios producidos ou axudados por contacto con outras variedades son vistos, a partir do traballo clásico de Weinreich (1979 [1953]), como “interferencias”. Xeralmente o emprego desta noción supón a concepción das linguas como obxectos históricos e discretos, como sistemas abstractos que poden ser estudados de maneira independente dos seus falantes (cfr. Lass 1987: 152-153). Así, Dubert (2005) sitúase de maneira explícita nesta liña para estudar as interferencias do castelán no galego:

[...] *interferencia* es un término propio de la lingüística, y concretamente de la lingüística histórica. Insisto en esta última idea por una razón muy simple: no me interesan los juicios de los hablantes, ni cómo los hablantes perciben ésta o aquella forma, ni cómo la valoran, ni si saben que están usando interferencias al hablar... [...] Es seguro que la inmensa mayoría de los hablantes de gallego del pueblo de Muros (A Coruña) que emplean el castellanismo adaptado *conexo* 'conejo' en vez de la forma históricamente gallega *coello* no sepan que están usando una interferencia. [...] es indudable a priori que *conexo* forma parte de su repertorio léxico, al lado de *can* 'perro', *gato* o *rato* 'ratón' y que no es una incrustación ajena a la estructura de cada uno de sus lenguajes-I" (Dubert 2005: 275)

Se ben esta perspectiva pode ser útil para o estudo histórico ou para a planificación do estándar lingüístico (presidida por criterios puristas como "acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleo innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán", Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 2004: 11), a súa utilidade para estudar os cambios lingüísticos non parece tan clara. Como xa sinalou Johannes Kabatek (2000: 28), a noción de interferencia entendida así faise tan ampla que perde aplicabilidade: "Nun exemplo como o francés *j'ai mangé du chocolat* poderíase ver entón unha interferencia do grego (a forma verbal perifrástica), unha interferencia xermánica (o pronome suxeito obrigatorio), e unha interferencia do náhuatl ou, cando menos, do español (a palabra *chocolat*)".

Por outro lado, esta perspectiva pode criticarse tamén por partir tamén dun concepto de lingua que responden a unha entidade sociopolítica, construída a través dun proceso histórico de carácter político e cultural. Como di Eva Gugenberger (2008: 35), "Una vez establecidas las normas y las reglas según las cuales funciona este constructo, surgen categorías dicotómicas como propio, autóctono, auténtico, verdadero versus ajeno, foráneo, exógeno, externo, y se habla de errores, de desviaciones, o violación del sistema". Desde esta posición crítica, propónse un cambio de perspectiva en que o falante "se sitúa de nuevo en los espacios lingüístico-sociales y, al mismo tiempo, contribuye a modelarlos" (p. 38), e aténdese sobre todo aos espazos de encontro, de contacto, de "hibrididade" (adaptación do termo alemán *Hybridität*). Non obstante, o concepto de "hibrididade" utilízase como hiperónimo para referirse a unha gama moi ampla de fenómenos de contacto, que van desde o *code-mixing* ata as interferencias e mesmo as citas, de maneira que tamén resulta escasamente útil.

Tamén é certo que, aínda que os falantes están situados nunha especie de *continuum* lingüístico, en que ningunha persoa fala exactamente igual ca outra, a lingua como sistema de comunicación é un feito comunitario, un saber compartido (Kabatek 2000: 48-55). Desde este punto de vista as *linguas*, ou cando menos as *linguas funcionais*, corresponden a unha realidade.

Nos seus numerosos traballos sobre interferencia e cambio lingüístico, Johannes Kabatek acoutou o concepto de *interferencia* (definido como "calquera influxo no falar ou escribir dun falante pola presenza na súa competencia lingüística doutras linguas coa lingua de destino do texto", Kabatek 1998: 843) ao ámbito da *fala*, non da *lingua*. Por tanto, a interferencia en si non constitúe un *cambio*, senón unha *innovación*: "Con esto queda claramente separada a interferencia (feito de fala) do cambio lingüístico (feito de lingua), co cal non queda excluído que unha interferencia poida chegar a ser productiva, é dicir, facerse punto de partida dun cambio" (843).

Desde este punto de vista, poden distinguirse cambios 'internos' e cambios 'externos', que serían os iniciados a partir dunha interferencia. Mais, en calquera caso, tanto os uns coma outros constitúen mecanismos esencialmente idénticos (cfr. Kabatek 2000: 28-29), como tamén explica William Croft:

Speakers belong to multiple speech communities, and so there is always contact between these communities. The codes used in each domain overlap to a great extent although they also differ. There is always 'interference' between the codes used in the multiple speech communities in a society. In other words, in terms of social organization, internal structure is not much different from external social relations, and the processes of language change are therefore not that different (Croft 2006: 123).

Por outra parte, esta dicotomía en moitos casos non se serve como mecanismo descritivo e noutros resulta pouco clarificadora, sobre todo se se emprega dunha maneira simplificada e condicionada por criterios sociopolíticos, como se adoita. Por exemplo, consideramos certos cambios referidos ao vocalismo pretónico (V. sección 3) porque non existe semellanza con outras linguas ou variedades en contacto. Mais noutros casos non é posible formar un xuízo en termos interno / externo, como ocorre co paso de [ʎ] a sons palatais non laterais (sección 4), ou coas modificacións das sibilantes en zonas de seseo laminal (V. sección 5).

Non faltan exemplos tampouco en que, segundo a perspectiva adoptada, chegaríamos a conclusións contraditorias. Este sería o caso do avance da forma *ti* sobre *tu* na provincia de Lugo, ou a de *nós* sobre *nosoutros* na área mindoniense (Fernández Rei 1990: 75), observado xa antes de estenderse o proceso de socialización do galego estándar, e que normalmente non se considera “interferencia” (xa que neste esas formas non coinciden co español, e por tanto non hai sospeita de que se tomen dun sistema alleo ao que entendemos como “lingua histórica” galega); pero obviamente poden verse como produto do contacto desas falas con outras variedades máis prestixiosas. Algo semellante ocorre cos cambios producidos na estrutura da sílaba (V. 5.2), resultantes dun proceso de planificación do corpus e difundidos desde as institucións da propia comunidade lingüística, pero que poden considerarse como a incorporación de elementos fonolóxicos do latín clásico alleos (e mesmo contrarios) á fonoloxía da lingua galega que resulta da evolución histórica.

Por outra parte, no particular contexto ideolóxico en que se desenvolve a investigación lingüística en Galicia, a miúdo os estudos sobre contacto e interferencia están asociados a xuízos (ou prexuízos) de lexitimidade.

Por todo isto, neste traballo presento algúns dos cambios fonéticos e fonolóxicos máis notorios do galego tradicional (entendendo por tal o transmitido de pais a fillos) nos tempos recentes, sen partir das dicotomías mencionadas nin adoptar criterios puristas.

3. DESENVOLVEMENTO DO VOCALISMO PRETÓNICO

A partir de mediados dos anos 60 comezaron a acumularse datos e descrições sobre a lingua galega tradicional, o que nos dá xa unha certa profundidade temporal (sobre todo tendo en conta que en moitos casos se describía a lingua de falantes de certa idade) para permitirmos observar o desenvolvemento de certos cambios. En particular, son significativos os que afectan ao vocalismo pretónico.

3.1. O desenvolvemento de sete vogais pretónicas

A primeira análise estrutural da fonoloxía galega, realizada por Amable Veiga (1965: 396-398; 1976: 47-49), dá-nos a visión dun sistema vocálico pretónico con cinco unidades contrastivas, con neutralización redutiva das vogais medias: / i e E a O u /. Xa na primeira tese de fala realizada en Galicia que estuda en profundidade o sistema fonolóxico, Santamarina (1973: 21-25) constata que o ese modelo non funciona ben para explicar os feitos observados na lingua falada, xa que aparecen parellas opositivas como [bo'tar] *botar* / [bo'tar] *votar*, ademais de numerosos derivados que manteñen a vogal media aberta nesta posición. No seu traballo sobre o verbo, de 1974, Santamarina presenta a idea de que se produciu cambio fonolóxico relativamente recente, coa “existencia de dos sistemas: uno, antigo, en el que se operaba la neutralización; otro, moderno, en el cual la neutralización ya no opera” Santamarina 1974: 12). A situación do galego falado, en que conviven os modelos *ac[ɔ]rdo* – *ac[ɔ]rdamos* e *c[ɔ]co* – *c[ɔ]camos*, reflicte xustamente ese cambio.

A partir de aí, tanto Porto Dapena (1977: 109) coma Taboada (1979: 27-32) defenden esta idea, e manteñen que, tras o proceso de redución do vocalismo pretónico, no paso do latín ao

galego, se produciu un segundo proceso de “restitución” das oposicións entre vogais medias nesa posición, ou en termos fonéticos “una ‘reactivación del timbre” (Taboada 1979: 28).

En termos fonolóxicos, nunha gramática de regras, o pechamento das vogais pretónicas constitúe un proceso de elevación. Desde a fonoloxía xenerativa, e situados na hipótese da subespecificación radical, Mateus e d’Andrade (2000: 34) propoñen que este proceso, que actúa sobre o vocalismo átono, consiste “in the raising of vowels to the highest point they can reach, in the different varieties”. Para o portugués europeo, a regra de elevación aparece formalizada en Mateus (2003: 1012). No galego unha regra similar (aínda que non idéntica, xa que as vogais non se elevan na mesma medida) funcionaba e funciona nas variedades tradicionais. O que deixou de operar é a neutralización entre vogais medias baixas e medias altas, que si segue actuando en portugués (Mateus / d’Andrade 2000: 134). O resultado desa elevación afecta sobre todo á vogal [a], que en posición átona é significativamente máis elevada [æ], é dicir muda o trazo [+baixo] por [-baixo], en termos de trazos binarios. O resto das vogais tamén poden aparecer máis elevadas, e en ocasións máis centralizadas, cás súas correspondentes tónicas, dependendo da situación prosódica en que se encontren dentro da palabra e do grupo fónico.

En calquera caso, os datos que podemos tirar do material lingüístico recollido nos últimos 40 anos mostran exemplos dunha variación que pode entenderse como o resultado da difusión dos modelos fonolóxicos máis recentes sobre os máis antigos. A fonte máis rica en información sobre a fonética do galego é sen dúbida o *Atlas Lingüístico Galego*, tanto polo número de datos coma pola súa amplitude xeográfica e por presentar un modelo de galego conservador que hoxe xa non é doado de encontrar. Outra fonte importante é o Arquivo Lexicográfico da Lingua Galega, tamén do Instituto da Lingua Galega, que recolle material léxico, moitas veces con transcripción fonética, de publicacións sobre o galego falado e de traballos universitarios inéditos. Estas fontes conteñen moitos datos de falantes nados aproximadamente entre 1900 e 1935. No noso traballo como docentes, moitos de nós facemos frecuentes observacións sobre a lingua das novas xeracións, e seremos capaces de xulgar se algúns destes datos e comportamentos lingüísticos seguen a ter presenza na súa lingua. Por outra parte, para a elaboración do *Diccionario de pronuncia da lingua galega* (Regueira, no prelo), realicei algunhas enquisas de pronuncia a galegofalantes procedentes de diferentes lugares de Galicia e con formación universitaria, con modelos de galego relativamente conservadores, e nados entre 1950 e 1980. Dependendo da pregunta, estas enquisas contan con datos de entre 5 e 25 informantes, polo que son datos parciais, aínda que suficientemente ilustrativos do comportamento dos falantes actuais neste punto.

Nun traballo recente (Regueira 2008) estudei a variación dos comportamentos destes dous grupos de falantes en derivados como *taberneiro*, *roseira* e *porteiro*, tres palabras derivadas de voces simples con vogais medias baixas tónicas [e] e [ɔ]. Alí mostrei que os datos recollidos da lingua popular conservadora indican que estas tres palabras tiñan pronuncias maioritarias con vogais medias altas [e] e [o], mentres que na lingua das xeracións máis novas esa elevación da pretónica xa non se produce ou é minoritaria. Por outra parte, os derivados que se forman novos sobre palabras con vogal tónica media baixa manteñen a vogal na posición pretónica, seguindo o modelo de *p[ɔ]rteiro*, e moitos verbos con vogal radical media baixa consérvana en toda a conxugación: *derr[ɔ]to*, -as, -a... *derr[ɔ]tamos*, *derr[ɔ]tase*, *derr[ɔ]tar*, etc. Cfr. o modelo tradicional de alternancia tónica / átona: *t[ɔ]co*, -as, -a... *t[o]camos*, *t[o]car*...

Todos estes datos indican, pois, que estamos ante un cambio fonolóxico moi avanzado que amplía o número de unidades fonolóxicas en posición pretónica.

3.3. Abaixamento das vogais iniciais en sílaba aberta

Como sabemos, os cultismos con *e-* ou *o-* en sílaba libre son adaptados de maneira sistemática con vogais medias baixas: [ɛ] *mitir*, [ɔ] *mitir*, [ɔ] *pinar*, [ɔ] *perar*, [ɛ] *quilibrium*, etc. Non obstante, ese non é o resultado das (escasas) vogais patrimoniais nesa situación ([o] *vella*, [o] *rella*).

Polas súas características e obxectivos, o ALGa buscaba o léxico patrimonial, non os cultismos entrados na lingua popular, e por tanto non existen datos recollidos de maneira extensa dos falantes máis vellos. Pero si recolle cultismos nalgunhas respostas, e tamén aparecen en diferentes traballos sobre a lingua falada. E estes datos mostran que algunhas palabras que eran xerais con [o] nesta posición foron afectadas por un cambio fonolóxico que fixo abaixar estas vogais. Así, [o]breiro, [o]liva (e [o]livo, [o]liveira), [o]ficio (e [o]ficial), [o]brigar (e [o]brigación, etc.) eran as formas xerais na lingua falada, mentres que hoxe, todas elas son xerais ou maioritarias con [ɔ] inicial.

Como dato interesante, un préstamo entrado por vía culta coma *equipo* aparece no ALGa de maneira claramente maioritaria con [ɛ] inicial (con variantes esporádicas con [a] e [æ]), mais tamén se rexistran 29 puntos que responden [e]quipo¹. Este comportamento, minoritario xa entre os informantes do ALGa, pode interpretarse como mostra de adaptación nun sistema de cinco unidades pretónicas, que hoxe xa non se encontra na fala. Xa nos traballos de lingua falada dos anos 70 aparece como comportamento xeral a adopción da vogal media baixa; Porto Dapena (1977: 20-21), sen distinguir entre voces patrimoniais e cultas, afirma: “En posición inicial absoluta y no trabada, tanto e como o tienden a hacerse abiertas en el gallego de la comarca ferrolana”; e cita [ɛ]namorar, [ɛ]lefante, [ɔ]ración, [ɔ]fensa, [ɛ]terno, [ɛ]varisto... Cfr. tamén Couceiro (1976: 22).

O portugués presenta neste punto unha variación moito maior ca o galego, con fluctuacións de timbre [i] ~ [e] ~ [ɛ] e [u] ~ [o] ~ [ɔ], segundo contextos, palabras, individuos e incluso nun mesmo falante (Mascarenhas 1996). Non obstante, parece ser común en cultismos recentes a adaptación con vogais medias baixas, como [ɛ]cologia, [ɛ]tílico, [ɔ]vário, [ɔ]tite (cfr. Teixeira 2004, Academia das Ciências 2001). Contrariamente ao galego, esta adaptación parece ser menos xeral nas vogais non recuadas, producíndose unha asimetría entre exemplos como [i]difício, [i]mitir e outros como [ɔ]vação, [ɔ]mitir, constatada tamén por Mascarenhas (1996) en falantes tanto do Porto coma de Lisboa. Os dicionarios actuais tamén transcriben [ɔ] inicial en voces coma *obrigado*, *oficio*, *oliva* e *obreiro*, xerais na lingua estándar. Este cambio fonolóxico parece estar en plena difusión en portugués. Así o afirma Jorge Morais Barbosa (1988: 352): “É curioso observar que, aínda há cerca de trinta anos, e mesmo menos, [ɔ] predominaba largamente sobre [o], o qual se fazia notar e era sentido como próprio de idiolectos menos cuidados, mas, de então para cá, se tem propagado consideravelmente”. Nese mesmo traballo, ao comparar a pronuncia actual coa información contida nos escritos de Gonçalves Viana, Barbosa constata a difusión das vogais medias baixas en posición pretónica (352-353), aínda que xa Viana describía as mesmas realizacións nesta posición a finais do século XIX.

Ante as semellanzas destes dous procesos, en linguas tan estreitamente emparentadas, aínda que separadas e sen apenas contacto desde hai séculos, resulta tentador pensar en procesos paralelos desencadeados pola dinámica interna da lingua, que responderían ao *drift* das linguas, seguindo a Sapir (cfr. tamén Dixon 1997: 13-14):

The general drift of a language has its depths. At the surface the current is relatively fast. In certain features dialects drift apart rapidly. By that very fact these features betray themselves as less fundamental to the genius of the language than the more slowly modifiable features in which the dialects keep together long after they have grown to be mutually alien forms of speech. But this is not all. The momentum of the more fundamental, the pre-dialectic, drift is often such that languages long disconnected will pass through the same or strikingly similar phases. In many such cases it is perfectly clear that there could have been no dialect interinfluencing (Sapir 1921: 172).

É preciso ter en conta, non obstante, que a situación do vocalismo pretónico do portugués é en boa medida diferente da do galego, tanto nas regras de elevación e centralización (no grao

¹ Agradézolle a Xulio Sousa que me facilitase estes datos.

de elevación e na xeneralización deste proceso en portugués, mais non tanto en galego) coma no grao de variación no vocalismo pretónico, moito maior no portugués. Por outra parte, no portugués actual está a darse un proceso de desaparición das vogais pretónicas diferentes de [e] que resulta completamente descoñecido no galego. O abaixamento das vogais iniciais tamén presenta diferenzas de certa importancia, xa que fronte á xeneralización deste proceso en galego o portugués móstrase moito máis fluctuante, sobre todo nas vogais non recuadas. Aínda así, ambas linguas parecen seguir camiños coincidentes neste punto concreto.

4. DESLATERALIZACIÓN DE [ʎ]

Un cambio moi presente na literatura lingüística, pero insuficientemente explicado, é a deslateralización da palatal [ʎ] e a súa substitución por sons centrais: palatal oclusiva [j], aproximante [j̞], fricativa [j̠] (e ocasionalmente africada [j̠ʃ]). Aínda que se menciona con certa frecuencia, case sempre se lle dedica pouca atención. Isto débese a que, por unha parte, existe un consenso máis ou menos xeral sobre a súa impertinencia para o galego estándar, e por outra parte porque contamos con pouca información tanto sobre a súa realidade fonética como sobre o momento e os mecanismos do cambio producido, polo que non é raro que as descrições estean feitas a partir do español, onde o *yeísmo* está descrito en obras fonéticas clásicas.

Desde o punto de vista fonolóxico, a realidade do galego é diferente da do español, xa que en galego non se produce a neutralización dunha oposición (como si en español: *vayamos / vallamos*), senón unha reorganización do sistema fonolóxico. En termos estruturalistas tradicionais, a oposición alveolar / palatal establecida entre as laterais /l/ e /ʎ/ desaparece, ao quedar unha única soante lateral /l/, e en cambio na orde palatal aparece unha sonora /ʎ/ que entraría en oposición coa interrupta /ʎ̞/ (cfr. Alarcos 1965: 174-175 para o español) establecendo unha oposición voceada / non voceada, e coa fricativa /ʃ/ completando un trío correlativo cos que se encontran en posición labial /p, b, f/ e dental /t, d, θ/. En calquera caso o trazo [+lateral] muda para [-lateral] e o de [+sonorante] por [-sonorante]; e logo eventualmente o trazo [continuo] pode aparecer como marcado ou non, dando lugar ás distintas realizacións mencionadas.

Este cambio parece bastante recente e, contrariamente a outros que acabamos de ver, debeu producirse dunha maneira bastante brusca, no paso de moi poucas xeracións. Desta opinión é Dámaso Alonso, quen constata en 1946 o avance da perda da lateral palatal nos Oscos: “En San Martín domina el yeísmo; pero quedan restos de la pronunciación de ʎ [...]. Algunas familias mantienen tenazmente la ʎ contra el yeísmo invasor. Los restos de ʎ son tal vez aún más numerosos en Santa Eulalia. Todo esto hace pensar que el yeísmo no es muy antiguo” (Alonso 1972 [1946]: 369). Logo nos anos 70 Porto Dapena (1977: 35-36) indicaba que “la pronunciación como *y* es, si no la única, la más general en toda Galicia [...] en mi experiencia personal no conozco ningún caso de lleísmo en la región gallega”. Couceiro (1976: 32) e Taboada (1979: 45, 48), pola súa parte, dan como única pronuncia a dunha palatal fricativa, con variante africada en posición inicial e tras nasal.

Non obstante, estas informacións parecen demasiado simplificadoras. Nes mesmos anos 70 os enquisadores do ALGa recollían a realización [ʎ] como resposta maioritaria en voces como *ollo* e *folla*, en puntos de toda Galicia, e como única realización en áreas do surleste de Galicia, o sur de Pontevedra e nunha ampla zona arredor do golfo ártabro (Instituto da Lingua Galega 1999: mapas 317 e 390). As gravacións mostran que a lateral palatal era corrente entre os nados nas primeiras décadas do s. XX (hoxe con máis de 75 anos ou xa desaparecidos) e que as xeracións seguintes carecen dese son de maneira case xeral (cfr. tamén Álvarez / Xove 2002: 39). As únicas excepcións por min coñecidas son algúns falantes que hoxe están entre os 50 e os 65 anos procedentes dunha franxa oriental da provincia de Lugo, situada cando menos entre Becerreá e A Fonsagrada.

Ademais da rapidez desta substitución, resulta rechamante que os falantes que adoptaron o cambio non perciban a diferenza fonética entre a lateral e os sons centrais, a pesar das importantes diferenzas articulatorias e acústicas entre [ʎ] e [j], por exemplo. A lateral, como soante que é, non presenta ruído, senón que está formada por voz e formantes (Figura 5):




Figura 5. Espectrograma de lateral palatal en *callamos* (lista de palabras)

Os espectrogramas presentados aquí forman parte dun traballo meu inédito sobre os sons palatais, e corresponden a gravacións de galegofalantes nativos con formación universitaria que len un cuestionario formado por listas de palabras e frases.

Aínda sen dispoñermos de datos cuantitativos suficientes, parece que as tres realizacións máis frecuentes son a aproximante espirante pechada (cfr. Martínez Celdrán / Regueira 2008a e 2008b), a oclusiva e a fricativa, con frecuencias relativas que posiblemente dependan dos hábitos articulatorios de cada informante. A africada parece ser unha realización máis ocasional, favorecida por algunhas circunstancias da enunciación.

A aproximante espirante pechada tamén é voceada, mais durante a súa emisión a lingua achégase ao padal facendo que o son saia moi atenuado, de maneira que non chegan a percibirse restos de formantes, aínda que si sonoridade ampla na base do espectrograma (e naturalmente, sen barra de explosión), coma se ve na Figura 6:




Figura 6. Espectrograma dunha aproximante espirante pechada en *callamos* (lista de palabras)

Ocasionalmente pode aparecer unha aproximante algo máis aberta, de maneira que se mantén unha intensidade maior e se poden apreciar no espectrograma formantes débiles entre as vogais que o rodean:




Figura 7. Espectrograma dunha aproximante espirante en *callamos* (lista de palabras)

Outro son frecuente entre as realizacións que substitúen a [ʎ] é a oclusiva palatal voceada, que contrasta netamente coa lateral en canto que durante a súa emisión hai voz, mais non ningún tipo de formantes, e remata cunha barra de explosión:




Figura 8. Espectrograma dunha oclusiva palatal voceada en *ovella* (lista de palabras)

A fricativa ten tamén, polo que parece, unha presenza importante, aínda que está lonxe de ser a realización única que describían algúns estudos realizados nos anos 70. Durante a realización da fricativa mantense a vibración glotal e prodúcese ruído aerodinámico ao pasar o aire polo lugar da constrición, polo que encontramos xeralmente estrías de sonoridade ben marcadas e tamén ruído de intensidade baixa:




Figura 9. Espectrograma dunha fricativa palatal voceada en *Callamos* (lista de palabras)

As realizacións africadas presentan unha zona de ruído suficientemente prolongada despois da oclusión para ser audible, pero moito máis breve ca na africada [tʃ]:




Figura 10. Espectrograma dunha africada palatal voceada en *Falla* (lista de palabras)

A pesar das diferenzas acústicas que se poden apreciar entre estes diferentes sons e a lateral palatal, todos se pronuncian na mesma zona, polo que as transicións das vogais adxacentes son case idénticas, e por outra parte todos teñen voz, e mesmo as realizacións fricativas teñen un ruído pouco intenso, de maneira que auditivamente son bastante próximos á lateral, sobre todo na dicción rápida.

Este cambio fonético e fonolóxico leva a converxer neste aspecto co español, no que o chamado *yeísmo* está notablemente estendido, e contrasta co portugués, que mantén [ʎ] estable, polo que na lingüística galega é común atribuílo á influencia do castelán (Vidal Figueroa 1987). Sen descartar que o español teña algún papel na súa orixe e, sobre todo, na súa difusión, esa vinculación non está probada. E unha dificultade para esa explicación é sen dúbida a brusquidade e a xeneralidade desta mudanza fonética e fonolóxica, nunha poboación que na súa inmensa maior parte mantiña un contacto moi limitado co español, case reducido á escola e ós oficios relixiosos.

En calquera caso, a preferencia polas formas conservadoras e, secundariamente, o criterio diferencialista, que tenta evitar a confluencia co español, levan a que no galego estándar se recomende a realización lateral [ʎ] (Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 2004: 16; Freixeiro 1998: 181; Regueira, no prelo). Visto que no galego estándar non se fai ningún esforzo por recuperar esta pronuncia (incluídos os propios autores que a recomendan) parece que este cambio pode considerarse xa consumado, ou como di Álvarez (2003: 28): "Hoxe parece fóra de toda dúbida que o paso de /ʎ/ a /j/ é irreversible".

5. A GHEADA E O SESEO

Sen dúbida os dous fenómenos dialectais máis conspicuos do galego son os coñecidos como *gheada* e *seseo*. Aínda que non forman parte do estándar oral actual (cfr. Regueira 2005), teñen presenza en certos empregos públicos (música, teatro, produtos audiovisuais, recitais de poesía, etc.) e existe unha demanda de recoñecemento e ampliación de usos por parte dos seus falantes máis instruídos.

Nos dous casos existen numerosos indicios de que estamos asistindo a cambios nas realizacións fonéticas. Ademais das observacións achegadas en diferentes estudos e sempre coincidentes, nos arquivos do Laboratorio de Fonética do IIG contamos con gravacións de falantes de diferentes xeracións dun mesmo lugar, o que permite realizar análises comparativas.

5.1. Gheada

O ALGa recolle para as voces *figado*, *chegar*, *agulla*, *gando*, *galo* e *gorxa* (Instituto da Lingua Galega 1999: mapas 167-169, 176-178) unha pronuncia moi maioritaria [h], fricativa farínxea non voceada, coa fricativa velar non voceada [x] presente sobre todo nas áreas de costa. A diferenciación destes sons supón un avance, xa que na época en que se fixeron as enquisas do ALGa as descricións dos sons da gheada eran moi pouco precisas. Basicamente distinguíase o [x] doutros sons "aspirados", que a miúdo se representaban con símbolos compostos (un *g* fricativo cun *h* superposto, por exemplo), que pretendían representar unha fricativa máis suave ca [x] e realizada nunha zona máis recuada, o que deixa un abano ben grande de posibilidades, desde fricativas uvulares ata glotais. Un exemplo desta falta de precisión na descrición encontráramo mesmo nunha das mellores descricións fonéticas do galego feitas nos 70, a de Porto Dapena (1977: 34-35), quen describe a velar [x], un son [xh] ("Puede caracterizarse como una fricación uvular no vibrante y, a veces, como se demuestra en los espectrogramas, con una sonoridad muy tenue") e por outra banda un terceiro son caracterizado por unha "menor tensión articulatoria [...] y por un mayor grado de sonoridad", representado polo símbolo composto descrito antes.

Mais xa nestes anos empezan a facerse anotacións sobre as diferentes realizacións e a asociar o [x] velar coa influencia do español e coas xeracións máis novas, mentres que os falantes conservadores presentan outras realizacións: fricativa farínxea non voceada [h], e fricativa glotal non voceada [h]. Así o constata Couceiro (1976: 28): "no todos los hablantes realizan la gheada del mismo modo. Generalmente las personas de más edad tienden a una fricación laríngea, en unos casos sorda [h] y en otros sonora [fi]. Sin embargo, las generaciones jóvenes adelantaron tanto la articulación de la aspirada que, en algunos hablantes, puede confundirse con la velar fricativa sorda castellana". Cfr. tamén Taboada (1979: 56-58).

A percepción deste cambio esténdese, en maior ou menor grao, por todo o territorio do galego con *gheada*. Dolores Míguez (1996: 46-51) constata que en Vicoso (concello de Brión) unha parte da xente nova abandonou a *gheada* ou incorporou a fricativa velar [x], en tanto que outros manteñen a realización fricativa farínxea, que é a maioritaria entre a xente máis vella. En Riós, no sur leste do territorio de gheada, dinos Feijoo Ares (2001: 72-81) que as realizacións maioritarias son a farínxea e a glotal, mais que [x] "é a realización xeral na fala dos novos tanto nos castelanismos como nas palabras patrimoniais dos poucos nos que se rexistra a gheada". Tamén en Cangas, segundo Margarita González (2003: 83-85), os falantes conservadores teñen [h], mentres que a xente nova pronuncia [x].

A partir das gravacións efectuadas por Labraña en cinco puntos da Galicia gheadófono, Labraña e van Oosterzee (2003) describen as características articulatorias e acústicas dos diferen-

tes sons encontrados, e mostran que a realización maioritaria nas falas do interior é a fricativa glotal [h] e nas áreas costeiras enquisadas encontran sobre todo a farínxea [ħ] e mais a velar [x]. Á par destes, os autores rexistran un rango amplo de sons que inclúe a fricativa palatal non voceada [ç], as fricativas uvulares non voceada [χ] e voceada [ʁ], a fricativa farínxea voceada [ʕ], a fricativa glotal voceada [ɦ] e a aproximante uvular [ʁ] (946), así como algúns casos en que a gheada non tería unha realización propiamente fricativa senón que se manifestaría a través dun cambio de modalidade da voz, coa realización da vogal seguinte con voz soprada (*breathy voice*) (947).

As gravacións con que contamos confirman os datos presentados por estes autores, aos que remito para a descrición acústica detallada destes sons. E tamén confirman que as realizacións farínxeas e glotais están deixando paso nas novas xeracións á fricativa velar [x], coincidente coa do español estándar. Nunha gravación² realizada en Esteiro (Muros) a tres mulleres de 75, 50 e 18 anos, pode apreciarse o cambio desde a fricativa farínxea das xeracións máis vellas (aquí Esteiro75) á velar predominante na falante máis nova (Esteiro18), a pesar de que mantén un galego bastante conservador (Figuras 11 e 12):




Figura 11. Fricativa farínxea non voceada en *gol* (Esteiro75)




Figura 12. Fricativa velar en *gol* (Esteiro18)

² Gravación do arquivo do ILG, realizada por Xacinta Varela, Antonio Porto e Lorena Seixas en 1997.

Como se ve, no primeiro caso existe ruído suave en frecuencias medias (arredor dos 3-4 KHz) e unha banda illada de ruído próxima aos 10 KHz, con amplas zonas en que non se rexistran ruídos significativos. Polo contrario na fricativa velar que vemos na Fig. 12 ten ruído en toda a banda, máis intenso arredor dos 5 KHz e dos 11 KHz. Se comparamos os espectros medios de varias realizacións de *gol* nestas dúas falantes podemos comprobar a diferenza (Figura 13):




Figura 13. Espectros medios de tres realizacións de *gol* en Esteiro75 e Esteiro18

En posición intervocálica, cando menos en falantes de áreas de gheada glotal, son moi frecuentes as variantes voceadas, ás veces moi abertas e vocálicas (coma a da Figura 14), aínda que nunca chegan a fundirse nunha vogal con *breathy voice* (coma a que mostran Labraña e van Oosterzee):




Figura 14. Espectrograma de fricativa glotal voceada en *pagando* (lista de palabras, informante do concello de Ribadavia)

Como se ve, a realización de [fi] presenta unha enerxía moi alta, apenas menor ca a das vogais que as rodean, das só se distingue por un lixeiro ruído que se pode percibir entre as estrías de voz. En calquera caso, aínda ser ter límites claros, pódese diferenciar un segmento vocálico con algún ruído entre as estrías (voz soprada) situado entre as dúas vogais. Téñase en conta que as fricativas farínxeas, especialmente a voceada, teñen características que permiten asocialas coas vogais, como fan Ladefoged e Maddieson (1996: 137): “Forms of *h*, *fi* in which a turbulent airstream is produced at the glottis are also sometimes classed as fricatives, but it is more appropriate to consider them in the chapter on vowels”.

Canto á perda destes sons en favor de [x], outras gravacións da área de Carballo, de Padrón ou de Rivadavia confirman a mesma progresión xeracional. A gheada con [x] tamén é a que aparece xeralmente no uso público, reducido case por completo a certas manifestacións artísticas (música, contacontos...), con moi poucas excepcións de artistas que utilizan sons das variedades tradicionais (coma *As garotas da Ribeira*, e algún actor).

5.2. As sibilantes do seseo

Nas áreas chamadas “seseantes” (é dicir, que carecen de /θ/) tamén se están a experimentar mudanzas de importancia. Por unha parte, prodúcese paso ao sistema con /θ/ do galego estándar, abandonando o sistema tradicional. Dolores Míguez sinalaba en 1996 (p. 40) o retroceso do seseo en Viceso (Brión): “mentres a *gheada* mantén uns índices de uso considerables entre a poboación nova, o seseo desapareceu case por completo da fala dos mozos”. E por outro lado, nas áreas de [s] laminoalveolar (de “seseo predorsal”) nas xeracións máis novas está a desaparecer a oposición entre a fricativa anterior (laminoalveolar) /s/ e a non anterior (laminoalpostalveolar) /ʃ/, quedando un único fonema /s/ (en *cocer*, *coser* e *fuxir*), como xa describía Manuel González (1991: 546) a partir dos datos do ALGa. Esta sibilante está tendendo en parte da xente nova a atrasar a súa articulación e a facerse apical, no canto de laminal.

Deixando á parte os casos en que se produce unha redución do sistema, e aínda sen termos datos suficientes para realizar unha cuantificación, as gravacións da lingua falada veñen confirmar o progresivo paso da sibilante laminal á apical. A título indicativo, na gravación antes mencionada de tres xeracións en Esteiro encontramos que as dúas mulleres de máis idade, de 75 e 50 anos, presentan unha sibilante laminal moi adiantada, e polo que parece a fricción ocorre entre o bordo dos incisivos superiores e a lámina da lingua, o que lle dá un certo carácter ceceante. Na Figura 15 vemos un espectrograma de dúas destas sibilantes nunha secuencia de discurso libre da informante de máis idade (Esteiro75) (*E así esas [cousas]*). Nel pode observarse que estas sibilantes, contrariamente ás alveolares, non mostran zonas de altas intensidades nas frecuencias medias (2500-7000 Hz), senón que presentan ruído distribuído de maneira máis uniforme, e tenden a ter intensidades fortes en frecuencias moi altas (por riba dos 10 KHz). Obsérvese o contraste coa sibilante final de sílaba.




Figura 15. Espectrograma de dúas sibilantes predorsodentais na frase *E así esas [cousas]*, en discurso libre (informante de Esteiro, Muros, de 75 anos)

A informante de idade mediana presenta fundamentalmente as mesmas sibilantes, como se pode ver no exemplo da Figura 16:




Figura 16. Espectrograma de sibilante laminodental na frase *Facían... (sardiñas...)* en discurso libre (informante de Esteiro, Muros, de 50 anos)

A falante máis nova (Esteiro18) ten sibilantes alveolares, caracterizadas por teren ruído intenso a partir dos 2500-3500 Hz. Nesta informante parecen predominar as sibilantes laminoalveolares, con realizacións que en ocasións posiblemente tendan a apicais, aínda que en certas pasaxes aparecen algunhas realizacións máis dentalizadas.




Figura 17. Espectrograma de sibilante laminoalveolar na frase *(... a ver quen as) facía (máis grandes)* en discurso libre (informante de Esteiro, Muros, de 18 anos)

As diferenzas entre estes dous tipos de realizacións poden observarse con máis detalle ao comparar os espectros obtidos dos valores medios de varias realizacións en contexto similar de Esteiro75 e Esteiro18:




Figura 18. Espectros de realización sibilantes de Esteiro75 e Esteiro18

Tal como mostra o espectro, as sibilantes de Esteiro18 teñen varios picos moi prominentes entre 3500 e 8000 Hz, mentres que as de Esteiro75 presentan un espectro bastante plano ata frecuencias moi altas, onde aparecen intensidade importantes entre os 9000 ata os 13000 Hz (frecuencias con moi escasa perceptibilidade xa, pero que lle confren un siseo moi agudo característico a esta sibilante).

Para unha descrición detallada das sibilantes do galego, v. Labraña (2005).

6. A NOVA ESTRUCTURA DA SÍLABA

Contrariamente ao que viñemos vendo ata aquí, os cambios fonolóxicos que afectan á estrutura da sílaba son planificados e dirixidos desde as elites culturais, e difundidos a través das institucións (ensino, medios de comunicación). Trátase da introdución no galego estándar de cultismos con sílabas que presentan agrupamentos de consoantes contrarios á fonoloxía do galego tradicional, tales coma os que se encontran en *instituto*, *obstáculo*, *dirección*, *actor*, *opción*, *psicólogo*, etc. As formas con coda complexa e con oclusivas en coda aparecen nos usos formais, pero cada vez vanse estendendo máis a usos informais e mesmo comezan a entrar na fala cotiá de moita xente nova, urbana ou rural.

Dado que a fonoloxía da lingua galega patrimonial non permite as codas complexas (coa excepción do galego occidental e só en final de palabra: *cans*, *luns*), o segmento intermedio entre o núcleo e a fin da coda é borrado, de maneira que os cultismos se adecúan á fonoloxía da lingua: *instituto* > *istituto*, *construír* > *costruír*, *obstáculo* > *ostáculo*, etc. (Regueira 2002: 240-241). Da mesma maneira, os inicios non permitidos, tomados case todos do grego clásico, adecúanse por medio do borrado do segmento inicial: *psicólogo* > *sicólogo*, *pneumático* > *neumático*.

As sílabas con oclusivas en coda foron historicamente adaptadas por medio da substitución da oclusiva por unha semivogal: *pacto* [ˈpaktʊ] > [ˈpawtʊ]. Esta adaptación obedece a unha constrición contra a presenza das oclusivas na coda silábica (Regueira 2008), que con algunhas variacións opera no galego desde o latín vulgar (e é responsable das coñecidas evolucións *dire[k]tu* > *dere[j]to*, e similares). Hoxe, en cambio, os cultismos adaptanse por medio da supresión da oclusiva implosiva (*directo* [diˈrɛktʊ] > [diˈrɛtʊ]), mais, como xa dixen, nos usos formais da lingua estándar (e xa non só) mantéñense as oclusivas: [diˈrɛktʊ].

Como xa mostrei en Regueira (2008), estes tres comportamentos responden a tres fonoloxías diferentes. No marco da Teoría da Optimidade estes tres comportamentos supoñen tres

ordes diferentes de constricións. As constricións relevantes para explicar estes comportamentos (McCarthy / Prince 1999; Prince / Smolensky 1993, 2004) son:

DEP-IO

Todo segmento da saída ten un correspondente na entrada (non epéntese fonolóxica).

MAX-IO

Todo segmento da entrada ten un correspondente na saída (non borrado fonolóxico).

IDENT-IO [+cons]

Os segmentos de saída correspondentes a segmentos de entrada [+cons] tamén son [+cons] (non modificación de trazos fonolóxicos).

***CODA-P(LOSIVE)**

As oclusivas non están permitidas en coda. [Esta constrición forma parte do grupo *CODA (As sílabas non teñen coda), que se subdivide en diferentes constricións (*CODA-PLOSIVE, *CODA-NASAL, etc.) segundo o modo e o lugar de articulación.]

O resultado do galego patrimonial responde á seguinte orde de constricións:

INPUT /'akto/

CANDIDATOS	DEP-IO	*CODA-P	MAX-IO	IDENT-IO
'ak.to		*!		
'a.ke.to	*!			
'a.to			*!	
☞'aw.to				*

Dado que a constrición que prohíbe as oclusivas en coda e a que prohíbe borrar un segmento fonolóxico dominan sobre a que prohíbe modificar os trazos dun segmento, o candidato óptimo será ['awto]. Esta fonoloxía mantívose no galego desde o latín vulgar ata épocas moi recentes. Algúns cultismos adaptados así foron aceptados na norma culta (os chamados "semicultismos"), e aínda nas falas conservadoras rexistradas nos finais do século XX se rexistraban non poucos exemplos: *l[ew]ción*, *perf[ew]to*, *[aw]to* 'acto' (Couceiro 1976: 27, 78), *r[ew]to*, *prec[ew]to*, *dir[ew]ción*, *[aw]serbar*, *[aw]soluto*, *[ow]jeto* 'obxecto' (Regueira 1989: 61, 99-100), etc.

Na lingua actual modificouse esta fonoloxía e reordenáronse as constricións, ascendendo a constrición de identidade por riba da que prohíbe eliminar material fonolóxico:

INPUT /di'rekto/

CANDIDATOS	DEP-IO	*CODA-P	IDENT-IO	MAX-IO
di.'rek.to		*!		
di.'re.ke.to	*!			
☞di'.re.to				*
di.'rew.to			*!	

Esta situación corresponde co que encontramos no galego popular de maneira xeral e co comportamento máis usual nos estilos informais, mesmo de moitos falantes do estándar.

O mantemento das oclusivas supón o descenso da constrición estrutural *CODA-P da sílaba por debaixo das constricións de fidelidade:

INPUT /diˈre.kto/

CANDIDATOS	DEP-IO	IDENT-IO	MAX-IO	*CODA-P
☞ diˈre.k.to				*
diˈre.ke.to	*!			
diˈre.to			*!	
diˈrew.to		*!		

Esta fonoloxía corresponde aproximadamente co estado do latín clásico. A intervención consciente operada nalgunhas linguas romances, entre elas o portugués, o español e o galego, reintroduciu partes da fonoloxía (e tamén da sintaxe) do latín nas linguas modernas, producindo unha anomalía histórica e alterando a súa evolución. Algo semellante ocorreu cos inicios de sílaba, alterando as constricións de secuencia de sonoridade: na lingua patrimonial os inicios complexos tiñan que estar formados por unha consoante do grupo menos sonoro (oclusivas e a fricativa /f/) seguida dunha líquida, mentres que na lingua estándar son posibles grupos de oclusiva + nasal (*pneumático*), oclusiva + fricativa (*psicología*) ou mesmo de dúas consoantes de igual sonoridade (*pterodáctilo*, *mnemónico*). Esta situación era descoñecida na historia das linguas románicas, ata a súa introdución por vía culta a partir do grego clásico.

7. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Considerado en conxunto, e despois de revisarmos os principais cambios fonéticos e fonolóxicos que foron descritos, pode afirmarse que a lingua está a vivir unha transformación profunda na súa compoñente fónica. A maioría destes cambios están relacionados coas condicións en que se encontra a lingua na sociedade do comezo do século XXI: por unha parte, desenvolvendo novas variedades para cubrir novas necesidades sociais, e por outra banda en contacto continuo co español e con outras variedades de galego.

Por unha parte, hai cambios que van na dirección da redución da diversidade lingüística, coa perda progresiva de sistemas ou sons diverxentes coa lingua estándar (e co español), como é o caso do seseo e da gheada. Mais tamén se observan procesos que incrementan a diversidade e o repertorio de posibilidades fonolóxicas da lingua (ou polo menos de certas variedades), como ocorre co desenvolvemento de novas estruturas silábicas e coa ampliación do sistema vocálico en posición pretónica. Estes cambios mostran que a lingua (ou, desde outro punto de vista, a comunidade lingüística galega) mantén a vitalidade suficiente para crear e difundir de maneira non dirixida cambios que non están planificados e dirixidos nin tampouco orientados á converxencia coa lingua española.

De todos os modos, a información lingüística dispoñible é claramente insuficiente para levar a cabo un estudo preciso dos cambios lingüísticos en galego. Por iso, unha das tarefas máis urxentes da lingüística galega actual é emprender un estudo sistemático da variación lingüística na sociedade galega, recollendo desde as variedades máis tradicionais ata as máis innovadoras, en ámbitos rurais e en medios urbanos. Só a partir desa información se poderá obter un retrato aproximado do galego actual, tomando en consideración as variedades lingüísticas que se desenvolveron nas últimas décadas, e con elas os cambios que se están a producir na nosa lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia das Ciéncias de Lisboa (2001): *Dicionário da língua portuguesa contemporânea*, 2 vols. Lisboa: Verbo.
- Academia Galega, Real / Instituto da Lingua Galega (2004¹⁹/1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. [Santiago de Compostela]: ILG / [A Coruña]: RAG.
- Alarcos Llorach, Emilio (1965⁴/1950): *Fonología española*. Madrid: Gredos.
- Alonso, Dámaso (1972/1946): "El saúco entre Galicia y Asturias (nombre y superstición)", en *Obras completas*. Vol. 1: *Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos, 359-388 [Publicado antes en *RDTF* 2, 1946, 3-32]
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez Blanco, Rosario (2003): *Variedade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Barbosa, J. Morais (1988): "Notas sobre a pronúncia portuguesa nos últimos cem anos", *Biblos* 64, 329-382.
- Coseriu, Eugenio (1978/1957): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. Madrid: Gredos [Publicado antes en *NRFH* 15, 1957, 201-355].
- Couceiro, J. L. (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de Verba. Santiago de Compostela: USC.
- Croft, William (2000): *Explaining language change. An evolutionary approach*. Harlow, UK: Longman.
- Croft, William (2006): "The relevance of an evolutionary model to historical linguistics", en Ole Negergaard Thomsen (ed.) (2006): *Competing models of linguistic change. Evolution and beyond*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 91-132.
- Dixon, R. M. W. (1997): *The rise and fall of languages*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Dubert García, Francisco (2005): "Interferencias del castellano en el gallego popular", *Bulletin of Hispanic Studies* 82, 271-291.
- Feijoo Ares, Vicente Javier (2001): *A fala de Riós. Contribución ó estudio da dialectoloxía galega*. Facultade de Filoloxía – USC. Traballo de Investigación Tutelado.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): *Gramática da Lingua galega*. Vol. 1: *Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- González González, Manuel (1991): "Subsistemas de sibilantes do galego actual", en D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII CLPhR (Trier, 1986)*, vol. 3. Tübingen: Max Niemeyer, 531-548.
- González González, Margarita (2003): *El gallego hablado de Cangas do Morrazo*. Univ. de Oviedo. Tese de Doutoramento.
- Gugenberger, Eva (2008): "El castellano y las lenguas regionales en España: bilingüismo e hibridación", en Max Doppelbauer / Peter Cichon (eds.), *La España multilingüe. Lenguas y políticas lingüísticas de España*. Wien: Praesens, 31-52.
- Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Kabatek, Johannes (1998): "Traducción e interferencia", en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. 2. Vigo: Galaxia, 843-850.
- Kabatek, Johannes (2000/1996): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais [trad. de *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer, 1996].
- Kabatek, Johannes (2005): "Über Trampelpfade, sichtbare Hände und Sprachwandelprozesse", en Thomas Stehl (Hrsg.), *Unsichtbare Hand und Sprecherwahl. Typologie und Prozesse des Sprachwandels in der Romania*. Tübingen: Narr, 155-174.
- Labraña Barrero, Sabela (2005): *Estudio acústico das consoantes fricativas do galego*. Univ. de Barcelona. Tese de Doutoramento.
- Labraña-Barrero, Sabela / Carlos van Oosterzee (2003): "An acoustic approach to Galician *gheada*", in M. J. Solé / D. Recasens / J. Romero (eds.), *Proceedings of the 15th International Congress of Phonetic Sciences (Barcelona, 2003)*. Barcelona: Univ. Autònoma de Barcelona (CD-ROM).
- Ladefoged, Peter / Ian Maddieson (1996): *The sounds of the world's languages*. Oxford: Blackwell.

- Lass, Roger (1997): *Historical linguistics and language change*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Martínez-Celdrán, Eugenio / Xosé Luís Regueira (2008a): "Os alófonos de /b, d, g/ en galego". *Verba* 34, 2007 [2008], 81-97.
- Martínez-Celdrán, Eugenio / Xosé Luís Regueira (2008b): "Spirant approximants in Galician", *Journal of the International Phonetics Association* 38, 1, 51-68.
- Mascarenhas, M. I. de Vilhena (1996): *Estudo da variação dialectal entre Lisboa e Porto das vogais átonas [-rec] e [+arred] em contexto inicial*. Faculdade de Letras, Univ. de Lisboa. Diss. de Mestrado.
- Mateus, Maria Helena Mira (2003⁵): "Fonologia", in Maria Helena Mira Mateus et al., *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Caminho, 987-1033.
- Mateus, Maria Helena Mira / Ernesto d'Andrade (2000): *The phonology of Portuguese*. Oxford: Oxford University Press.
- McCarthy, J. J. / A. Prince (1999): "Faithfulness and identity in prosodic morphology", in R. Kager / H. van der Hulst / W. Zonneveld (eds.), *The prosody-morphology-interface*. Cambridge: Cambridge University Press, 218-309 [RoA-216]
- Míguez Iglesias, Dolores (1996): "Seseo e gheada en Viceso (Brión)", *Cadernos de Língua* 14, 39-57.
- Nettle, Daniel / Suzanne Romaine (2000): *Vanishing voices: the extinction of the world's languages*. Oxford: Oxford University Press.
- Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Santiago de Compostela: USC (anexo 9 de Verba).
- Prince, Alan / Paul Smolensky (1993): *Optimality theory. Constraint interaction in generative grammar*. Technical report. New Brunswick, NJ: Rutgers University [RoA-537].
- Prince, Alan / Paul Smolensky (2004): *Optimality theory. Constraint interaction in generative grammar*. Oxford: Blackwell.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha: estudo descritivo*. Santiago de Compostela: USC. Tese de Doutoramento (microforma).
- Regueira, Xosé Luís (2002): "A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía", in Ramón Lorenzo (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: USC, 235-254.
- Regueira, Xosé Luís (2005): "Estándar oral", in Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 69-95.
- Regueira, Xosé Luís (2008): "Cambios fonolóxicos no galego actual", in Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei / Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC, 275-286.
- Regueira, Xosé Luís (no prelo): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Romaine, Suzanne (1996): *El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística*. Barcelona: Ariel [trad. de *Language in society*. Oxford: Oxford University Press, 1994].
- Santamarina Fernández, Antonio (1973): *El habla del valle del Suarna*. Santiago de Compostela: USC. Tese de doutoramento.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*. Santiago de Compostela: USC (anexo 4 de Verba).
- Santamarina Fernández, Antón (2003): "Resposta", in R. Álvarez Blanco, *Varietade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*. A Coruña: Real Academia Galega, 39-50.
- Sapir, Edward (1921): *Language. An introduction to the study of speech*. San Diego: Harcourt Brace Jovanovich.
- Taboada, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Santiago de Compostela: USC (anexo 15 de Verba).
- Teixeira, Graciete (dir.) (2004): *Grande dicionário. Língua portuguesa*. Porto: Porto Editora.
- Vázquez Corredoira, Fernando (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela: Laióvento.
- Veiga, A. (1965): "Fonología gallega. Fonemática: el sistema vocálico", *Grial* 10, 390-403.
- Veiga, A. (1976): *Fonología gallega*. Valencia: Bello.
- Vidal Figueroa, Tiago (1987): "O 'yeísmo': nova barreira ante o portugués?", *O Ensino* 18/22, 215-217.
- Weinreich, Uriel (1979/1953): *Languages in contact: findings and problems*. Berlin / New York: Mouton.